

Pun mes
e
Pico

Actividades de balde.

Prazas limitadas. Imprescindible inscrición.

Máis información e reservas:

boqueixonturismo@gmail.com ou

981 513 061 (Dpto. Formación, emprego e turismo)



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

www.boqueixon.gal

Pun mes
e
Pico

CICLO “UN MES E PICO”
UNHA VISIÓN INTERDISCIPLINAR
DO PICO SACRO

18/10/2025

Centro de Interpretación do Pico Sacro
(Cachosenande- Lestedo)

10:00h. **APERTURA** a cargo do alcalde **OVIDIO RODEIRO TATO**

10:30h. Ponencia de **ANTONIO CÉSAR GONZÁLEZ GARCÍA**

Breve biografía: Astrónomo, especialista en Astronomía na Cultura e na Arqueoastronomía. Estudiu a relación co ceo en diversas sociedades do mundo ao longo da historia. Realizou investigacións sobre as orientacións dos megalitos (en particular en Galicia), sobre como se relacionan co ceo os petróglifos o como os ritmos celestes configuraron a nosa percepción do paso do tempo. Foi Presidente da Sociedade Europea de Astronomía na Cultura e é autor do libro de divulgación 'Cielos de Piedra'.

Título ponencia: "O ceo e o Pico Sacro"

O Pico Sacro é un claro referente da paisaxe galega, que serviu como marcador no horizonte para remarcar momentos clave dos percorridos do sol e a lúa vistos desde diferentes contornos nos cales atopamos interesantes restos das xentes que habitaron estas paisaxes en diversas épocas do pasado. Nesta ponencia percorrerase estes sitios e veremos como o Pico foi ese referente ao longo do tempo.

11:00h. Ponencia de **CÉSAR PARCERO OUBIÑA**

Breve biografía: Investigador Científico no Instituto de Ciencias del Patrimonio do CSIC en Santiago. Arqueólogo especializado na análise do espazo e a paisaxe ao longo da historia, estudando como en cada época contruíronse distintas formas de paisaxe ata chegar aos nosos días. Empregando con este fin, como ferramentas básicas distintas tecnoloxías dixitais.

Título ponencia: "O Pico Sacro coma referente visual na paisaxe"

Que o Pico Sacro é un referente visual na paisaxe é algo evidente. Porén, nesta charla veremos como algunhas simulacións feitas por ordenador achegan datos interesantes para explorar como se compara, neste sentido, con outros fitos visuais e se isto nos axuda a entender por que se converteu nun lugar especialmente relevante ao longo do tempo.

11:30h. Ponencia de **DAVID FERNÁNDEZ ABELLA**

Breve biografía: Licenciado en historia con especialidade en historia medieval, antiga e arqueoloxía pola USC. Diploma de estudos avanzados en arqueoloxía pola USC, arqueólogo profesional e colaborador do grupo de investigación Ecopast da USC.

Título ponencia: **"A última vida do Pico Sacro"**

O Pico é un espazo patrimonial e simbólico recollido en moitas biografías. Falaremos a través da arqueoloxía dos últimos achádegos localizados no Pico no verán de 2025 e a súa interpretación histórica.

12:00h. Pausa café

12:30h. Ponencia de **CRISTINA SÁNCHEZ- CARRETERO**

Breve biografía: Antropóloga. Vicedirectora e investigadora científica do Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC. Presidenta da Asociación de Antropoloxía do Estado Español (ASAE), 2019-2024. Investigadora principal de proxectos sobre participación e patrimonio, conflito e novas formas de habitar o patrimonio.

Título ponencia: "Como podemos coidar do Pico Sacro? Metodoloxías de salvagarda baseadas no acordo social".

O Pico Sacro protexe e coida das xentes que viven ao seu carón, pero tamén a veciñanza coida do Pico. Presentaranse os procesos de salvagarda do Pico Sacro como conxunto simbólico senlleiro de Galicia.

13:00h. Ponencia de **FELIPE CRIADO- BOADO**

Breve biografía: Arqueólogo. Profesor de Investigación do CSIC. Director do Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC, con sede en Santiago de Compostela. Premio Nacional de Investigación en Humanidades 2023. Foi presidente da Asociación Europea de Arqueólogos/as. Co-dirixe un proxecto que explora as relación entre os procesos cognitivos e o mundo material.

Título da ponencia: "A resignificación das montañas sagradas"

As montañas sacras son un fenómeno frecuente en moitas culturas ao longo do mundo. Mentres en moitos países mantense memoria activa delas ou mesmo a súa tradición segue vixente e viva, en Europa en xeral é por algunha razón que descoñecemos, perdéronse case sempre. Con todo existen e pódense e débense recuperar. Por que? Como?

13:30h. Quenda de preguntas e debate.